

O ESPIGONCIÑO



Nerea Vale Santiago 6ºB

BO NADAL E MELLOR 2012

Un ano máis estamos chegando ao Nadal. Luces, compras, agasallos..., este é o Nadal que nós vivimos; pero en todas as partes é así? Como viven o Nadal noutros lugares?

En moitos deles os nenos da nosa idade non teñen casa, non van ao colexio, carecen de todo aquilo que a nós nos sobra e aínda por riba precisan traballar para poder axudar as súas familias.

Como o pasan eses nenos? Eu creo que mal. Por este motivo quero facer unha chamada desde a nosa revista para que todos e todas teñamos un recordo para eles e deixemos os caprichos e as esixencias tan habituais en nós. Concienciémonos do mal que o pasan todos eles cando aquí rimos, comemos e disfrutamos dos agasallos de Papá Noel e dos Reis e desexemos mellores tempos para todos. Tamén desexo que os políticos europeos atopen unha saída para mellorar a economía e que o euro volva a rexurdir. Que será de nós se temos que volver ás pesetas?... Eu non sei o que son!!!

Moita felicidade para todos os vosos fogares.

CARLA SALGUEIRO BEREIJO-6ºB.



SUMARIO.

| | |
|--|-----------|
| Novas | 5 |
| Os máis pequenos... | 6 |
| Os crocodilos | 12 |
| O outono | 14 |
| O outono en Cariño | 15 |
| Actividades: O magosto | 18 |
| Magosto | 20 |
| Xogos tradicionais. | 22 |
| Entrevista: a alcaldesa de Cariño. | 26 |
| Contos e poemas. | 31 |
| Biblioteca | 34 |
| Chatting with Rebecca Moyer | 37 |
| Obradoiro: paxaros feitos con castañas. | 39 |
| Receitas de cociña: Mazás asadas. | 40 |
| Deportes | 41 |
| Humor | 42 |
| Pasatempos | 43 |

O ESPIGONCIÑO



ANA. I Romero Gomez

Novas.

Galicia Mar Renovables

A empresa "Galicia Mar Renovables" fabricará en Cariño boias para a xeración de enerxía undinomotriz, é dicir a que produce o movemento das ondas do mar..



Libros de texto dixitais.

Este ano o alumnado de sexto participa no proxecto piloto "Libros de texto dixitais" da Consellería de Educación, que consiste na substitución dos libros de texto en formato papel por materiais educativos dixitais.



Ascenso do C.D. Cariño á primeira división autonómica.

O equipo de fútbol conseguiu o ascenso á primeira autonómica grazas a unha boa tempada e ao empate no campo do San Sadurniño.

Debutou gañando ao Ponteceso S.D. por 0-2. Tedes máis información na sección de deportes.

| JORNADA 1 - 04/09/2011 | |
|--|---|
| PUENTECESO S.D. | 0 vs 2 C.D. CARIÑO |
| Fecha del partido: 03092011 | Hora: 18:15 |
| Terreno de juego: MUNICIPIO PINOUEL (PONTECESO) | |
| Árbitros: | |
| Árbitro: BARRIOS VIDAL, ADRIAN | |
| Asistente 1: PATRICIO BLANCO, PABLO MIGUEL | |
| Asistente 2: TORREIRO RAMOS, DANIEL | |
| PUENTECESO S.D. Aida: Eduardo Ponal, 8-11 C.P. 15110 PONTECESO, A CORUÑA TIF. 981715289 ponteceso@sdevalbo.es MUNICIPIO PINOUEL | C.D. CARIÑO Abdo. Correas, 12 C.P. 15380 CARIÑO, A CORUÑA TIF. MUNICIPIO CARIÑO |

Campaña de recollida de xoguetes.

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Cariño en colaboración con Cáritas organiza unha campaña de recollida de xoguetes para que os Reis Magos cheguen a todos os fogares do Municipio.

Os xoguetes pódense entregar en Servizos Sociais ou na Casa do Concello os luns, mércores e venres de 09:00 a 14:00 horas, ata o 28 de decembro.

Só se recollerán aqueles xoguetes que estean en perfecto estado de uso.

Para máis información poden chamar aos seguintes teléfonos: 981 405 064 e 981 420 059

(<http://www.concellodecarino.com>)



ALE TORRA
A




T A W S

ALEJANDRA SON EU
E SON IGUALIÑA A DESSIRÉ.



EU SON CELIA
E MEU CURMÁN É HUGO F.



A Z E



A MIN CHÁMANME ASIER
E LEVI E ÁNGELES SON OS MEUS CURMÁNS.



EU LUCÍA E A MIÑA NAI
CHÁMASE PATRICIA.



EU SON ANXO
CURMÁN DE CRISTINA.



L A U R A

C A R M E N

A S A

L A A C A A A



ALEX SON EU
E O BITÁCORA É MEU.

EU CHÁMOME CARMEN
E TEÑO UNHA AVOA PERRUQUEIRA.

L A U R A

L A

L A R A



E LAURA SON EU
CURMÁ DE LARA.



CHÁMOME SABELA
E O MEU PELO É ROXIÑO.



CHÁMOME LARA
E NOA DE 3º É MIÑA IRMÁ.



NOEL PÉREZ ME CHAMO
E A MIÑA IRMÁ ANTÍA ESTÁ EN 4º.

EU CHÁMOME DESSIRÉ
E SON IRMÁ DE ALEJANDRA E DANIELA.





DAVID ME CHAMO
E SON VECIÑO DE MATEO.




MATEO ME CHAMO
E A MIÑA CASA ESTÁ EN FRONTE.



NOEL PIÑÓN SON EU
O IRMÁN DE BRAIS DO INSTITUTO.



EU SON JANIRE
E A MEU PAI COAS BOMBONAS ATOPARÁS.




E EU SON NOA
E MEU CURMÁN DAVID ESTÁ EN 1º.



ANDREA SON EU
E SON IRMÁ DE SABELA DE 3º.




HUGO PEGO ME CHAMO
E A MIÑA NAI É CARNICEIRA.



EU SON UXÚE
IRMÁ DE ANDER.

Os crocodilos.

LOS COCODRILOS ESCRIBIMOS



1. ES UNA FRUTA
DEL VERANO
2. NACE EN LOS
MANZANOS
3. SU FLOR ES
ROSA
4. ES UN FRUTO
CARNOSO



5 HAY MANZANAS
RODAS, VERDES
AMARILLAS Y ROJAS



6 ALGUNAS
TIENEN GUSANO



7. JUGAMOS
CON ELLAS

ESPERAMOS QUE OS HAYA GUSTADO



O outono.

EL OTOÑO

LOS ÁRBOLES DE MI PATIO.

SE ESTAN PONIENDO DORADOS,
EL OTOÑO DE OTROS AÑOS,
HAVUELTO Y LOS HA PIMADO.

PRONTO SE CAERAN SUS HOJAS
Y EL VIENTO LAS LLEVARÁ,
Y CUANDO LLEGUE EL INVIERNO,
NI UNA HOJA QUEDARA.



E.I.
5 AÑOS

O outono en Cariño.

Outono

Masá, maciñeira

Pera, peiteira

Aoz, noqueira

Abela, abeleira

Pera, pereira

Floita, foteira




Outono
en
Cariño

Castaña, castañeira,
coma una canchín

A miña avoa correu una
castaña,
ai, que piraña!

7: A

barco



tartaruga

1ºA

Na clase de 1º “B” fixemos, entre todos, esta pequena poesía referente ao outono. Escollemos cinco palabras que se referiran a esta estación do ano(VENTO, FOLLAS, CASTAÑAS, MAZÁS, MAGOSTO), e con elas empezamos a escribir o que deu lugar a isto que ides ler de seguido:

“ O OUTONO ”

Tempo de vento,
de follas caídas;
colleita de froitos:
castañas, figos, mazás...
Facemos magosto!
Pasamos o verán,
xa estamos na escola:
ler, escribir,
estudar, traballar...
Isto non mola !!!!!
Xa chega o Nadal
deixamos a escola:
vacacións por fin !
Ía sendo hora!




Actividades: O magosto.

Os alumnos de 2ªA este outono fixemos diferentes actividades para traballalo. Para comezar, celebramos o magosto comendo



castañas e
xogando a
xogos
tradicionais

Na aula traballamos o conto "A castaña que rebentou de risa". Se queredes ver o conto e actividades feitas en Lim, só tedes que ir ao seguinte enlace:




<http://dl.dropbox.com/u/14722558/ACASTANA/castana1.html>




Esta é a manualidade
coma tamén fixeron os
demais nenos/as do 1º ciclo:
reciclamos as castañas sobeantes
do Magosto e...
Creamos galiñas e galos!

Outras das actividades foi este ourizo recuberto de follas do outono. Para facelo, baixamos ao patio a recoller follas



secas das árbores do noso cole. Probade a facelo, é moi simple! Seguindo con este animalino, fixemos máis ourizos con plastilina e espaguetes se queredes, podedes visitar o noso blog

para ver esta e outras actividades:



www.primeirocoidocarino.blogspot.com



Os ourizos cos nomes




Mais animais distintos...

MAGOSTO 2011

Este ano celebramos o Magosto, o martes día 8 de novembro. Como noutras ocasións, supón para o Colexio, todo un acontecemento. Primeiro demos clase normal e logo baixamos a participar nos xogos tradicionais. Aos de 4º, tocounos xogar ``á chave`` e tivemos bastantes acertos. Despois ``aos birlos`` (onde non acertamos tanto). En terceiro lugar, xogamos ``ao brilé`` (gozando moito, incluso a nosa profe, que lle encanta). De seguido tocounos xogar ``a cadea`` (e aquí xurdiron os conflitos entre os nenos e as nenas; polo que a nosa profe nos castigou e tivemos que parar o xogo). En penúltimo lugar participamos saltando ``á comba`` (que a todos nos gusta). En último lugar, bailamos ``as buxainas`` (unhas veces acertando, outras bailando do revés e outras intentándoo). Mentres Martín (que así se chama o señor que asa ás castañas) facía o seu traballo. Máis tarde fomos facer os cucuruchos e acto seguido tomamos unhas castañas asadas e un batido. Estaban excelentes! Enseguida tomamos as castañas e logo xogamos no patio exterior. Foi unha mañá moi divertida, ata outra rapaces!





JUAN LUIS UOJA

ALUMNOS/AS 4ºA

MAGOSTO 2011: XOGOS TRADICIONAIS.

O martes, 8 de novembro, día do Magosto, celebramos unha xornada de xogos populares.

O percorrido foi de 6 zonas de xogos polos que rotabamos os distintos grupos de alumnos/as cos nosos profesores/as.

Xogamos aos birlos, ao brilé, á chave, á cadea, á corda e a bailar as buxainas. Pensamos que íamos ter un Magosto pasado por auga, pero non creades... ao final non nos mollamos e pasamos unha mañá moi divertida xogando todos xuntos.

Agradecemos aos profes de Educación Física que programen xogos tan divertidos e ao resto dos profes que os dinamicen tan ben. Do máis importante, que é a participación, xa nos encargamos nós.

Velaí vos deixamos unha mostra do ben que o pasamos.

A CADEA

A cadea é un xogo moi divertido que consiste en que un neno/a ten que pillar a varios nenos/as para xuntarse da man e lograr facer unha cadea moi longa.

Xogamos no campo de herba artificial e algunhas nenas, como Yarizá, caeron de cu. Tamén xogou a nosa profe, María, e aínda que corría con tacóns, non se caeu.

Xogamos dúas partidas e nunha delas logramos facer unha cadea de 14 persoas. Nuria foi a gañadora, non a dábamos pillado, pero ao final tropezou co bordo e colleuna Adrián.



A zona de xogo estaba acoutada e se te saías dela xuntábase á cadea. Pasámolo moi ben!!!

AS BUXAINAS

É un xogo tradicional de Galicia, xógase a el dende hai moitos anos.

Necesítase unha corda e unha buxaina:

- 1º enróscase a corda na buxaina
- 2º envólvese un pouco nos dedos
- 3º lánzase e hai que facer que baile.

Isto é o máis difícil, pero os máis habilidosos conseguen bailala en calquera lado. Adrián lanzouna na lama e fixo un burato enorme. A nosa profe dixo que cando era pequena a bailaba moi ben, pero tivo que intentalo varias veces. É máis difícil do que parece! Martín lanzouna no campo de asfalto e, aínda que vos pareza increíble... fixo un burato. Marco aprendeu a facer varios trucos coas buxainas. É cuestión de práctica!!!



OS BIRLOS

É un xogo tradicional ao que se pode xogar en calquera lado, só fai falta unha bóla e uns birlos. Se a bóla é pequena os birlos colócanse preto e se a bóla é grande os birlos colócanse lonxe.

O xogo consiste en tirar a bóla, derribar os birlos e lograr que cheguen o máis lonxe posible para obter maior puntuación.



As puntuacións son:

- A 10 cm. : 5 puntos
- A 30 cm. : 10 puntos
- A 60 cm. : 20 puntos
- A 90 cm. : 50 puntos
- A 2 m. : 100 puntos
- A 7 m. : 500 puntos

O que mellor puntuación acadou foi David con 500 puntos, seguido de Antón e Eva con 50 puntos. Vaia diferenza!!!

Foi moi divertido, pasámolo moi ben.

SALTAR Á CORDA

Saltar á corda consiste en que dúas persoas, nos dous extremos da corda a fan xirar continuamente mentres cantan unha canción, e un neno no medio, salta procurando que non lle toque. Uns exemplos de canción serían:

“Rei, rei,
cantos anos vivirei,
vintecinco, non o sei,
un, dous, tres...”

“Ao montón, que pouquiños son,
se son poucos, que se metan máis.”

Foi moi divertido, xa que podemos estar saltando case toda a clase xuntos.



A CHAVE DE FERRO

Este é un xogo popular galego no que se lanzan discos redondos e planos denominados pesos, pellos, pellas ou peletres, sobre unha peza metálica, chamada chave, colocada a certa distancia. O obxectivo é petar cos pellos na chave o maior número de veces. A chave colócase inclinada e cunha pequena gabia detrás para que non roden os pellos. Pódese xogar en equipo ou por parellas.

Gustounos moito xa que combina varias cousas, puntería, puntos,...



O BRILÉ

O brilé xógase cunha pelota. Consiste en eliminar o maior número posible de xogadores do equipo contrario, tratando de darlles coa pelota en calquera parte do corpo. Hai dous cemiterios onde teñen que estar os xogadores eliminados. Estes teñen unha soa oportunidade de saír do cemiterio e voltar co seu equipo, para iso teñen que dar coa pelota a unha persoa do equipo contrario, que non esté no cemiterio. Gaña o equipo que elimine a todos os xogadores do equipo contrario.

Sempre é un dos xogos preferidos de toda a clase, porque e por equipos, no que nos rimos moito, e onde non falta nunca...algún tropezón!!!



Alumnos e alumnas de 5ºA e 5ºB

Entrevista.

ENTREVISTA CON PURI SEIXIDO, ALCALDESA DE CARIÑO

Un grupo de rapaces de 6º, en representación de todos os seus compañeiros, procedeu a facerlle unha entrevista á Alcaldesa de Cariño, Puri



Seixido, quen, moi amablemente, accedeu á mesma, recibíndonos no Concello unha tarde de novembro. As preguntas proceden, única e exclusivamente, da iniciativa dos alumnos, e foron incluídas no cuestionario sen máis modificacións que a supresión das duplicadas. Este é o resultado da entrevista.

- Cales foron as razóns que te levaron a entrar na política? Foi decisión propia ou empurráronte para presentarte?

- Foi unha decisión propia, ninguén me empurrou. A opción política coa que eu me identifico non contaba con xente con dispoñibilidade para presentarse Cariño e iso motivou a miña presentación. En principio non contabamos con gañar, polo que houbo que adaptarse rapidamente á nova situación.

- Que balance farías destes primeiros meses como alcaldesa de Cariño?

- Pois non é moi positivo porque o traballo é moito e os resultados son moi poucos, de momento. E as cousas tardan moitísimo en solucionarse. Os problemas son mil e as solucións que consigues, por dicir algo, son dez. Entón, polo momento,

o traballo non é demasiado gratificante. Dentro de seis meses ou un ano esperemos ter máis resultados.

- Que proxectos recollidos no teu programa electoral son máis difíciles de levar a cabo?

- O proxecto máis difícil é desenvolver economicamente Cariño, dando oportunidades de traballo á xente nova e facer que haxa máis empresas e máis industria en Cariño.

- Botas de menos o teu traballo como guionista? Suponche moito esforzo facer os dous traballos á vez?

- Non o boto de menos porque sigo traballando como guionista. Eu traballo no Concello pola mañá, de oito a tres, e polas tarde e fins de semana sigo traballando como guionista, que é do que vivo. No Concello non temos salario ningún dos concelleiros que formamos parte do grupo de goberno. Entón temos que seguir traballando, cada un no seu, para poder sobrevivir.

Canto á segunda parte da pregunta direi que si, que supón moito esforzo, porque o funcionamento do Concello é complicado e hai que estudar coma se fosa para aprobar unha oposición. Ás veces faise difícil que as horas do día dean para todo. Pero con tempo, paciencia e disciplina, moita disciplina, iremos conseguindo cousas.

- Teño entendido que eras unha verdadeira devoradora de libros cando ías ao colexio, foi esta adición pola lectura a que te levou a elixir a

túa profesión como guionista?

- Si. Definitivamente, si. Lía moito; sempre lin moito. Eu creo que debín ler, polo menos, a metade dos libros que tendes na Biblioteca do Colexio. Ese interese pola Literatura, en xeral, foi o que me levou a acabar traballando como guionista.

- Como tés pensado mellorar o pobo?

- (Rindo). Que pregunta tan difícil! Eu creo que o máis importante que se pode facer por cada pobo ou por cada colectivo é facer que participe na mellora do conxunto da sociedade. Que os veciños aprendan que son os interlocutores directos dos políticos, que son os que teñen que esixir aos políticos como queren facer as cousas, e teñen dereito a esixir sempre responsabilidades por todo o que se fai no Concello. E isto tedes que aprendelo xa desde pequenos. Aquí debedes vir pedir cousas porque tedes dereito. E é sumamente importante o que podemos deixar feito **neste sentido**.

- Que se sinte ao ser a primeira muller alcaldesa de Cariño? Esperabas ser elixida?

- Non esperaba ser elixida, nin moito menos. E síntome rara porque afacerse a un cargo público, para unha persoa normal que non ten aspiracións de facer unha carreira política é unha cousa moi rara. Ás veces, cando **escoito dicir** "a Alcaldesa" aínda **me custa darme conta de que están falando de min**. O que si valoro moi positivamente é o feito de que os cariñeses votaran a unha muller, porque iso supón unha flexibilidade na mentalidade e unha falta de prexuízos moi grande. Di moitas cousas boas das xentes de Cariño.

- Gústache ser alcaldesa? Que é o que máis che gusta de ser alcaldesa? De pequena, era este o teu soño?

- Non. Que va! Eu nunca soñei con ser alcaldesa. Non me gusta demasiado. Non me gusta moito porque é moita responsabilidade e isto é durante as vinte e catro horas do día, todos os días da semana e todos os días do ano. Polo menos, neste meses foi así. Estás sempre aí, coa cabeza traballando, e tampouco ves moito resultado do traballo, do que cavilas ou do que padeces. O mellor de ser Alcaldesa é que che dá oportunidade de coñecer moito mellor o sitio onde vives e a xente. De coñecer mellor á xente de Cariño. E dáche a oportunidade de poñer en práctica cousas que, ao mellor, sempre escoitaches que non se podían facer. Ao ter a posibilidade real de gobernar, poden intentar levar as cousas á práctica. Isto é interesante.

- Gústache viaxar?

- Moito. Se por min fora pasaría a vida viaxando. Pero desde hai uns **meses** case non saio de Cariño

- Falas varios idiomas? Que estudos tés?

- Falo galego, español e inglés. Estudei Psicoloxía. Son licenciada en Ciencias da Educación, na rama de Psicoloxía e son Técnico Superior en Imaxe e Son

- Gústache o Nadal como o fixo Luis ou vas cambiar algunha cousa? Que pensas do traballo do alcalde anterior?

- Gústame o Nadal como festa. E gústame como a viven os nenos, que o pasan moi ben. Lembro a sensación da véspera de Reis, cando estabas toda emocionada esperando os agasallos, que case non podías

durmir. E estamos en momentos moi difíciles porque hai pouco diñeiro para gastar en festas e en cousas que non son imprescindibles. Hai cousas, como a decoración do Nadal, que non imos poder facer pero tentaremos manter as tradicións como as cabalgatas e algunhas outras. Merece a pena ver á xente contenta. Teremos que tratar de sacar o mesmo resultado con menos diñeiro, pero polo menos intentarase. Canto á segunda parte desta pregunta, considero que o traballo anterior debe servir de medida para tratar de melloralo, sobre todo no referido á xente nova. Creo que é máis importante ofrecer actividades de ocio, talleres ou actuacións que a decoración navideña. Na situación actual, non queda máis remedio que ofrecer un Nadal máis pobre que os anteriores. A decoración navideña ou a iluminación das rúas, este ano non se van poder facer.

- *Eu de maior quero ser coma ti, que consellos me darías?*

- Creo que non é moi boa idea. Un ten que aspirar a ser na vida o que quere ser e a facer o que lle gusta. O máis importante, cando escolles un traballo para facer na vida é que che guste. Se non é así, a vida é un sufrimento. Creo que o consello que se debe dar á xente nova é que sigan as vocacións que teñan, e que non se deixen desanimar. Que poden ser pintores ou violonchelistas de cámara se é o que realmente lles gusta. Para as cousas que che gustan sempre tés máis gañas, enerxía, paciencia para levalas adiante. E as que fas porque che parece que che van dar un traballo falas con máis desgana. É máis doado que fracasas en algo que non che gusta que en algo que si che gusta.

- *Gustaríache ter un cargo máis alto en política?*

- Non.

- *Tés pensado presentarse ás próximas eleccións?*

- Non.

- *Que parte de Cariño che gusta máis?*

- Todo. Gústame o casco vello, o Campo. Gústame o val de Landoi, a Basteira. Gústame o esteiro de Feás, Figueiroa, San Xiao.

Gústame Campodemonte...

- *Gustouche que che mandásemos a proposta para mellorar o colexio?*

- Si. Gustoume moito. Paréceme que é a maneira de mover as cousas. Lembrádevos: os políticos que vos gobernan teñen a obriga de atendervos sempre, sexa para dicirvos que si ou que non. Pero teñen o deber de darvos explicacións.

- *Se houbese aeroporto en Cariño, cres que habería máis turistas?*

- Aeroporto penso que non nos colle porque temos un concello moi pequeno. So coas pistas de aterraxe xa nos quedaríamos sen concello. Pero, ao mellor, se tiveramos heliporto... En realidade, un helicóptero pode aterrizar en calquera sitio. Se tivéramos unha estrada, a que vai a Mera, mellor, seguro que teríamos máis turismo.

- *Como é iso de dirixir un concello?*

- Pois dor de cabeza permanente. Son moitos temas distintos e moitas deficiencias que son normais. É normal que se estropeen as rúas, que as tuberías rompan, que as farolas fallen... Intentar solucionar todas estas cousas sen que pase moito tempo e co persoal que temos, é

difícil. Logo, non é so solucionar o día a día, senón planificar os proxectos que poderían ser bos para Cariño a longo prazo, as obras públicas: o saneamento, para que as augas fecais non vaian ao mar, para consumir menos enerxía eléctrica, para que houbera máis actividades deportivas e máis instalacións... É complicado.

- *Que leis farías se puideses?*

- Un alcalde non pode legislar. En todo caso, á o Pleno quen aproba os regulamentos que propón o Alcalde. A min paréceme moi importante aprobar unha ordenanza, porque os regulamentos municipais chámanse así, que contemple a participación dos veciños na administración do Concello e que lles permita propoñer obras, propoñer actividades, que lles permita tomar decisións moito mais rapidamente que agora. Creo que esa é unha lexislación importante que hai que ter en todos os concellos.

Logo, xa noutro ámbito, miña nai, por onde empezamos? Como contestar sen enrollarse moito? É complicado. Pero se se cumprisen as leis que temos xa adiantaríamos bastante, porque hai moito lexislado que, á hora da verdade, non se cumpre. Paréceme que a nivel lexislativo poderíanse cambiar moitas cousas, pero creo que os cambios que fan falta son máis ben sociais, que toda a sociedade participe máis activamente na política e non como políticos, senón como cidadáns, que se fagan ver máis para que haxa que tomar en conta as propostas da cidadanía.

- *Cres que esa crise mundial vai durar moito tempo?*

- Pois polo que din os que entenden diso, si. Os economistas especializados en ciclos de crises din

que esta vai durar aínda uns anos e a min paréceme e teño a sensación de que en España confiamos pouco na industria e nos profesionais. En Galicia, en concreto, sempre houbo que emigrar para facer cousas de certo peso. Non nos fiamos. Parece que o de fóra é sempre mellor. Temos pouca confianza na nosa capacidade para desenvolver industrias, empresas, novas maneiras de producir. Iso é o que nos fai falta: que se fomente o investimento no desenvolvemento de novos produtos, na súa comercialización...

- *Podes facer algo para mellorar o emprego?*

- O emprego... O emprego é onde traballar. E moi complicado porque depende da dinámica económica de onde vivimos. Pódese facilitar se se consegue dispoñer de espazos para que novas empresas se poidan instalar en Cariño. Aumentaría o número de postos de traballo para a xente que vive aquí. E tamén creo que hai que ter unha mentalidade máis aberta para informar, para alentar, para axudar aos emprendedores, esa xente que quere montar unha empresa ou un negocio e que necesitan non so diñeiro, senón tamén orientación. Debe haber axudas para que as empresas que producen aquí poidan vender, por exemplo, a Xapón (algunha empresa xa o fai), a Australia... Ten que haber axudas para que poidan ter persoal que lles comercialice o produto fóra das fronteiras habituais de comercio. Sobre todo, información e orientación para a xente que quere emprender novos proxectos de empresa.

- *Pensas volver a poñer en funcionamento o barco turístico no verán?*

- Estamos tentando atopar a maneira

de facelo sen que supoña tanto gasto para o Concello. O ano pasado gastáronse 80.000 euros e ingresáronse 17.000. É moito diñeiro perdido porque non se rendabiliza. A industria hoteleira local non gaña tanto diñeiro como para xustificar que o Concello perda esa cantidade ao ano. A diferenza entre gastos e ingresos é moi grande e parécenos que non se xustifica coa crise que hai. Temos que manter a piscina, que

é deficitaria. Temos que manter un montón de servizos que son deficitarios. Tivemos que escoller parar algo porque non podíamos mantelo todo en marcha. Pero o ideal sería que puidera funcionar. É unha iniciativa moi interesante.

- Moitas grazas, Puri, e moitos éxitos na túa xestión.

-Moitas grazas a vós.

Elaboraron o cuestionario: alumnas e alumnos de 6º Nivel

Fixeron a entrevista:

Clara Arcos, Carmen Paineira, Ana Blanco, Adrián Rubido, Lara Freire e Celia Varela



Contos e poemas.

O CAN QUE NON QUERÍA BAÑARSE NO NADAL.

Había unha vez un can. O can estaba xogando e de súpeto...plaf. Caeu nun charco de barro, a súa nai lle dixo que tiña que bañarse pero o can contestoulle:

Non quero bañarme porque perdería a metade do meu tempo.

A súa nai dixolle:

Encheraste de pulgas e pollos, e se te molestan as moscas, pois xa verás.

O can arrepeniuse e bañouse.

Chegou Decembro, mes de Nadal. O can estaba emocionado pola chegada de Papa Noel e viu cumprido o seu desexo, pois lle trouxo unha moto con motor e todo e así pasou o día máis feliz do ano.

Nerea 3ºB

CONTO DE NADAL

Había unha vez un neno que se chamaba Xóan. Os seus amigos na escola dicíanlle que Papa Noel non existía. Xóan estaba moi triste polo que lle dixeran os seus amigos. Cando chegou a súa casa preguntoulle a súa nai: Papa Noel existe? Pois claro que existe! Xóan quedou moi confuso esperando o Nadal.

Chegou o 24 de Decembro ceou coa súa familia, e esta vez preguntoulle ao seu pai, Papa Noel existe? Pois claro que si! e esta noite traerá regalos aos nenos que se portaron ben.

Xoán aínda dubidaba, e aínda que se acostou quedou esperto para poder ver a Papa Noel. A iso da media noite escoitou ruído na sala, ergueuse moi amodiño e puido ver como Papa Noel deixaba os regalos. Ao día seguinte correu moi contento xunta dos seus amigos e díxolles: Papa Noel tróuxome moitos regalos, e a vosoutros? A nosoutros non nos trouxo nada. Xa vos dicía eu que se non criades nel non teriades recompensa. Ao ano seguinte os nenos fixéronlle unha carta a Papa Noel e este, trouxo regalos para todos.

Iván 3º B

ESCOLMA DE POEMAS DE 3º B

Sacamos as caixas
con bolas e estrelas,
colgamos adornos
e tiras que brillan.
Poñemos os Reis
no noso portal,
e facemos camiños
con serrín e pan.
Xa chega o Nadal
todo é paz e alegría,
compartimos Leticia
reunidos en familia.

Pablo Galcerán 3º B

Chega o Nadal.
Sentir as campás
repicando no teu corazón.
Anuncia os seus sons
a presenza do amor.
Amor a entregar a todos ao teu arredor.
Sentir esa paz e entrega no teu corazón.
O compartir aos demais.
Chega o Nadal
brinda co teu calor
o teu amor a entregar
chega o Nadal
e sinte e comparte felicidade.

Ana I. Romero 3º B

Dime Neno
de quen eres
e se te chamas Xesús
son amor no pesebre
e sofrimento na Cruz.

Carlos 3º B

Polo Nadal
tomamos champán (Lucía 3ºA)


Montando o belén
pasámolo moi ben (Diego 3ºA)

Polo Nadal
tomarei mazapán (Profe 3ºA)

Polo Nadal como turróns
e tamén tomo bombóns. (Yanire 3ºA)

Os Reis Magos
traen moitos regalos (Pablo L. 3ºA)

Papá Noel.
regalos che traerá
se te portas ben (Carmen 3ºA)



CONTOS DE NADAL

Papá Noel estaba repartindo os regalos a un neno e a unha nena. O neno chamábase Víctor e a nena María. Ía subir ao trineo e non lle querían andar os renos. Estaban sedentos e famentos. E papá Noel dixo:

- Reniños, imos comer – para que se levantaran, pero nada
- Reniños, imos beber – levantáronse pero non podían consigo e dixo o reno do nariz vermello:
- Imos, imos ! – e todos foron e beberon leite e comeron turrón na casa dos dous nenos. E así Papá Noel puido seguir repartindo os regalos de Nadal ao resto dos nenos daquel pobo

Carmen 3º A



Sabiades que a primeira natividade do mundo foi no ano 1749? Agora imos contar esa historia.

No máis profundo do bosque había dous irmáns chamados Sandra e Pablo e os seus apelidos eran Noel.

A Sandra e Pablo lles gustaba moito facer os seus xoguetes porque o seu pai era carpinteiro, pero a súa nai morrera. E un día pasou una cousa moi boa. Mentres Sandra e Pablo camiñaban polo bosque atoparon un duende e a súa familia que estaba chorando. E preguntáronlle :

- Que che pasa? – díxolle Sandra sorprendida - Como o duende estaba tan triste se ela estaba tan contenta?.
- Podemos axudarche? preguntou Pablo con tenrura
- E que non teño traballo porque son un duende
- Iso non importa – dixo Pablo moi decidido.

E foron a preguntalle a seu pai se os podían traer para a casa e díxolles que si. E desde entón Sandra e Pablo e os duendes fixeron moitos xoguetes para os nenos e nenas do mundo e pasaron a chamarse Papá Noel, Mamá Noela e os Duendes Máxicos.

Noa 3ª A

Había unha vez, unhas árbores do Nadal que tiveron unha filla árbore e de momento era pequena. Nun día que xa chegaba o Nadal, a filla foi crescendo e un neno pensou en regalarlle a Papá Noel. Pero a filla ía votar moito de menos aos seus pais, pero de ano en ano, polo Nadal, podería visitalos. E faría no bosque amigos e no Polo Norte (onde vive Papá Noel). E así foi. Marchou con el e foi moi... Moi feliz. Fin

INOA 4ªA

"LILI, PILI E AS CASTAÑAS"

Un día Lili foi a ver á súa amiga Pili e preguntoulle que lle pasaba. Pili díxolle: "É que as árbores do noso pobo non dan castañas". E Lili díxolle :teño unha idea. Ti só tes que reunir a todas as castañas do pobo , e dicirlles que cada día unha castaña fora a regar as árbores. E pasou un mes e Lili foi a ver que tal lle ía a súa amiga Pili. Pili díxolle que lle ía xenial, e que todas as árbores daban castañas. E así cada mes Lili ía a ver á súa amiga.

ALICIA 4ªA

A buxaina xira
e sorrie a quen a mira
Corre, corre, buxaina miña
Corre, corre, que hoxe é o teu día.

Esther 4ªA



Biblioteca.

Neste novo curso queremos facer un chamamento a todos vós, alumnos e profesores, para lembraros que a biblioteca é un recuncho que está sempre a vosa disposición, lista para ser usada por todos.

Os alumnos, lembre que Multileo ten un Diario de Lectura co que podedes colaborar para axudarnos a mercar libros que sexan do voso gusto. Este ano dispoñemos de moitas novidades que vos mostraremos no tríptico que estamos a preparar.

No que vai de curso levamos feito varias actividades de animación á lectura e que queremos dar a coñecer.

EXPOSICIÓNS.

Fixemos, coa colaboración dos alumnos que van á biblioteca, dúas exposicións. Unha, sobre o outono co gallo da celebración do Magosto e outra celebrando o Día da Infancia. Tamén participaron estes nenos e nenas na decoración da biblioteca e da entrada do colexio.




DÍA DA BIBLIOTECA.

Outra das celebracións deste trimestre foi o Día da Biblioteca. Durante a semana anterior ao 24 de outubro os nenos e nenas do 1º ciclo gravaron un conto titulado **O gato lambón**. Durante a semana puido oírse pola megafonía á hora do recreo xunto cunha poesía gravada por unha profesora.

O día 24 e durante o recreo, **Multileo** (a mascota da biblioteca) e **o Gato Lambón** estiveron na entrada do colexio saudando aos nenos con algúns libros para que leran alí canda el. Ao mesmo tempo escoitase o conto pola megafonía.



Estas son algunhas fotos.



O gato lambón



Multileo cos nenos



Despois do recreo no salón de actos reuníronse os nenos e nenas do primeiro ciclo de Primaria e os de EI para lerlles o conto do Gato Lambón ao mesmo tempo que unhas nenas o dramatizaron con marionetas .



O conto



As marionetas que fixemos



Representamos o conto

Rematou a xornada coa entrega do carné da biblioteca aos nenos de 3 anos.

Agora ide de vacacións e xa sabedes que vos agardamos na biblioteca con Multileo.

Bo Nadal a todos!



Esther 4^ºA

NADAL CON MULTILEO

MULTILEO - RECOMENDAMOS - LER,
E - NO - NADAL - NON - O - DEBÉS - ESQUECER!



Chatting with Rebecca Moyer



Kids: Where are you from?

Rebecca: I am from Tacoma, Washington in the United States.

K: What is the weather like there?

R: It is the same as here in Galicia. Most of the year it is cloudy and rainy, but it is nice in the summer.

K: When did you come to Spain?

R: I arrived here in September.

K: What is the weather like there?

R: Are you staying here for a long time?

K: What is the weather like there?

R: I will be here in Carino for 8 months

K: How old are you? When is your birthday?

R: I am 22 years old. My birthday is in December.

K: What countries have you been to?

R: I have been to many countries. I have lived in the United States, England and Spain. I have visited Canada, Ireland, Scotland, Belgium, France, Portugal, Italy Austria, Germany, the Czech Republic, Slovakia, Hungary, Turkey and Morocco

K: Do you like Carino?

R: Yes, I do.

K: Have you visited Cape Ortegal?

R: Yes, I took a hike up there during my first week here.

K: Have you worked in other schools before?

R: Yes, I have. I have worked at a university and I also helped in a bilingual Kindergarten class in Seattle.

K: Have you got any brothers or sisters?

R: Yes, I have one brother. His name is Colin and he is 21 years old.

K: Do you miss your family?

R: Yes, I do miss them a lot.

K: What's your favorite music?

R: I like all types of music, except jazz.

K: Do you play a musical instrument?

R: Yes, I play the violin.

K: What is your favorite animal? Have you got any pets?

R: My favorite animals are wolves. I do have a pet; I have a dog named Kora who lives with my parents in the United States.

K: Do you do any sports?

R: No, I don't, but I do like to swim and go running.

K: Is Spanish food very different from American food?

R: Yes, it is. There isn't really "American" food; we have many different types of food from all over the world like Mexican food, Chinese food, Italian food, etc.

K: Do you like ice cream?

R: Yes, I do. My favorite flavor is mint chocolate chip.

K: Do you like reading books? What is your favorite book?

R: I love reading! My favorite book is *The Great Gatsby* by F. Scott Fitzgerald.

K: Thank you, Rebecca.

R: You're welcome.



Obradoiro.

Froitos do outono: PAXAROS FEITOS CON CASTAÑAS

2º B



Materiais: . Castañas cocidas, cola, papel seda de cores, palillos, cartolina.



Collemos dúas castañas e poñemos dous palillos. Son os pés e as pernas.



Poñemos outra castaña para o corpo cravada nos dous palillos das pernas.



Poñemos no corpo un palillo en el colocamos outra castaña para a cabeza.



Debuxamos uns ollos nun folio e pegamos na castaña da cabeza.



Rematamos colocando ás e plumas como queiramos .



Par rematar pegamos o paxaro nun anaco de cartolina e xa está.



Recetas de cociña do outono.

FROITAS DO OUTONO: ASAMOS MAZÁS



Proceso.

Medio quilo de mazás, suaves, verdes e frescas, cargadiñas de lunares chegaron á escola esta mañá. Rita, a mazá que saiu do saquiño, tiña un rabiño moi pequeniño e puxémoslle un laciño. Ao forno foi parar con azucre por compañia; enrugadiña saíu e na nosa tripa está viaxando sen parar.

Alumnas e alumnos de 2ºB



Deportes.

ASCENSO A PRIMEIRA AUTONÓMICA

O último partido da temporada pasada, xogado en San Sadurniño decidíase quen gañaba o título da liga.

O partido estivo moi igualado. Comezou marcando o San Sadurniño, logo empatou o Cariño con gol de Damián, pouco despois moveu o marcador o San Sadurniño. Nos últimos intres, cun centro do Perlero, Adán empata o partido cun gol de cabeza. Ao Cariño con empatar bastáballe para facerse co campionato.

A vitoria celebrouse por todo o alto, mentres os xogadores tirábanse na piscina municipal.



María Corral Piñón
Xandre Ferreiro Fernández
Laura Martínez García

6ºA



Humor.

CHISTES

- _ Teño un pato que fala.
- _ Non o creo.
- _ si, mira. Pato, tráeme un xersei!
- _ cua!
- _ O que queiras!

- _ Presente de indicativo do verbo andar.
- _ Eu ando, ti andas, el anda...
- _ Mais depressa neno!
- _ Eu corro, ti corres , el corre...

JUAN LUIS 4ºA

Estaban dous homes falando.

- _ Se lle das diñeiro ao meu can, tráechelo xornal.
- O outro home ponlle o diñeiro ao can.
- Dali a media hora, o dono do can dille ao outro home:
- _ Canto diñeiro lle deches?
 - _ Dez euros.
 - _ Claro, con tanto diñeiro iría ao cine!

VERONICA 4º A

- O-----O-----O-----
- _ A onde te leva un autobús se te pos por diante?
 - _ Ao cemiterio!

ALONSO 4ºA

Feliz Nadal



Inca 4ºA

Pasatempos.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| S | A | S | A | P | E |
| A | N | O | C | E | S |
| Z | U | M | I | R | N |
| A | V | E | P | O | A |
| P | A | L | R | B | D |
| A | S | R | E | R | A |
| N | U | I | S | A | L |
| T | N | E | L | E | B |

BUSCA NA SOPA :
NOCES, UVAS, TURRÓN
MAZAPÁN, ÁRBORE, BELÉN
NADAL, PASAS.
 (Iker 3º A)


Adiviña

Sempre veño por Nadal
 a repartir os regalos
 aos que non se portan mal
 Visto de branco e vermello
 e viaxo sempre en trineo
 a través do mundo enteiro.
 Que é? ...

Son verde e non son campo,
 teño pé e non son can,
 e sempre son invitado
 para a festa do Nadal.
 Que é? ...

Álvaro e Noemí 3º A

ENCRUCILLADO



- 1.- Cómense doce en Noitevella
- 2.- Rei mago de raza negra
- 3.- Vinte e cinco de decembro
- 4.- Papá ... que trae regalos por Nadal
- 5.- os Reis Magos tráenllo aos nenos que se portan mal
- 6.- Instrumento musical típico do Nadal
- 7.- Postre de Nadal que pode ser duro ou brando
- 8.- Ave típica do Nadal
- 9.- Pobo onde naceu Xesús
- 10.- Mes no que se celebra o Nadal


Pablo López 3º A

ADIVIÑA

De cores por fóra.
 branca por dentro,
 Colga da árbore
 e empeza por m...

2º B

BUSCA AS SEIS DIFERENCIAS



Atopa oito lugares de Cariño

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R | G | O | Z | I | E | T | S | F | E | Á | S |
| A | | P | E | D | R | A | I | U | N | T | R |
| V | Z | Q | M | M | Ñ | X | S | R | K | Ñ | P |
| F | O | B | S | V | U | A | M | C | K | J | Q |
| I | G | T | G | R | U | E | U | A | R | K | K |
| G | L | Q | P | C | O | L | N | R | Ñ | X | L |
| U | G | B | Q | D | T | O | D | I | N | J | A |
| E | P | M | Ñ | W | Y | U | I | Ñ | Y | W | N |
| I | G | Q | U | Y | X | R | I | O | Ñ | O | D |
| R | E | P | T | J | Z | I | Z | Y | D | F | O |
| O | N | M | P | I | Ñ | D | R | F | B | U | I |
| A | W | M | R | E | B | O | R | E | D | O | E |


SUDOKU

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | | 3 | | | |
| | | 3 | | | 9 | 5 | | 7 |
| | | 2 | 5 | | | | 1 | 4 |
| | 5 | 1 | 6 | | 7 | | | 8 |
| | 7 | 9 | | 8 | 5 | | 6 | 2 |
| 8 | | | | | 1 | 9 | | 5 |
| 6 | 9 | 7 | | | 4 | 2 | | |
| 5 | | | | | | | | 3 |
| 1 | | | | | | 7 | | 6 |



Bo Nadal e próspero aninovo

Outras portadas





CEIP "Manuel Fraga Iribarne"
Cariño



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política Lingüística